

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000013.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día mércores 9 de abril de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO NÚMERO 2/542, ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DO 26 DE DECEMBRO DE 2024, POLO QUE SE OUTORGABA A LICENZA PARA A CONSTRUCCIÓN DE NAVE NA RÚA RAMÓN MARÍA ALLER ULLOA, PARCELAS B2 E B3 DO P.E. AS GÁNDARAS (Exp. 2023/Y001/000151).

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DE PATROCINIO PUBLICITARIO ENTRE O CLUB MOTOPARK LUGO E O CONCELLO DE LUGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN NO TÉRMINO MUNICIPAL DO CAMPIONATO MUNDIAL DE MOTOCROSS 2025. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, EXP. REF. 2025/C005/0000003.

3. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPIs) PARA AS PERSOAS TRABALLADORAS DO RECINTO DO CEMITERIO DE SAN FROILÁN E NO MERCADO MUNICIPAL. APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac7087067652374337629.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-4-2025

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025-C004-000007.

4. CONTRATACIÓN DO PROGRAMA DE HORTOS EDUCATIVOS NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA E NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO, EXP. REF. 2025-C003-000007. ADXUDICACIÓN.

5. CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DE ASCENSORES (LOTE 1) E PUERTAS AUTOMÁTICAS OU MOTORIZADAS (LOTE 2) DE TITULARIDADE MUNICIPAL, EXP. REF. 2024/C003/000032. ADXUDICACIÓN.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

6. APROBACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA A VENDA AMBULANTE NO MERCADO DE FRIGSA, ANO 2025. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS.

7. VALIDACIÓN DO GASTO RELATIVO Á IMPARTICIÓN DE OBRADOIROS PARA AS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS: DESENVOLVEMENTO DE CATRO OBRADOIROS DE COSMÉTICA.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,